10112	ASOC. VECIÑOS O CADAVAL	VIAXE CULTURAL, HOMENAXE O CARBALLO DE LUXIS	0	CASTRO DE REI	PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 30-4-2019
10143	ASOC CULTURAL MOTO-CLUBE A CURUXA DE QUIROGA	XOGA CA RODA DO XEOPARQUE	0	QUIROGA	FALTA DE DOCUMENTACIÓN SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES.
10188	ASOC RAICES PERUANAS	ACTIVIDADES E VIAXES CULTURAIS	0	BURELA	PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 2-5-2019
10280	AGRUPACION DE MAIS E PAIS DE ALUMNOS A ULLOA DE PALAS DE REI	XORNADA MUSICAL AXEDRECISTICA A ULLOA	0	PALAS DE REI	NON SE PRESENTA A SOLICITUDE NOS IMPRESOS OFICIAIS APROBADOS POR XUNTA DE GOBERNO O 29-3-19.
10422	ASOC CULTURAL MUSICAL ARUME DE BURELA		0	BURELA	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACIÓN ,

10448	ASOC CULTURAL SAN XOAN BAUTISTA	SAN XOAN	0	VIVEIRO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES NON É UNHA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES.
10485	ASOC CULTURAL FILSEIRA	CLASES CANTO TRADICIONAL E PANDEIRETA, CLASES DE BAILE TRADICIONAL CERTAME DE MÚSICA, CULTURA E TRADICIÓN	0	OUTEIRO DE REI	PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 6-5-2019
10488	ASOC CULTURAL FILSEIRA	CLASES CANTO TRADICIONAL E PANDEIRETA, CLASES DE BAILE TRADICIONAL CERTAME DE MÚSICA, CULTURA E TRADICIÓN	0	OUTEIRO DE REI	PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 3-5-2019
10921	ASOC CULTURAL PARA A RECREACIÓN HISTÓRICA CAETRA LVCENSIVM	OBRADOIROS ÉPOCA ROMANA	0	LUGO	PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 9-5-2019.
2019RT001810	A. CULTURAL- VECIÑAL A RIGUEIRA	VIAXE CULTURAL	0	PASTORIZA, A	DACORDO CO PUNTO 8 DAS BASES, CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE. PRESENTADA SOLICITUDE FORA DE PRAZO 30-04-2019
2019RT001844	ASOC ANPA CEIP O SALVADOR	PROXECTO EDUCACIÓN EMOCIONAL	0	PASTORIZA, A	

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 11 de decembro de 2019

O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social Pablo Rivera Capón. A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.



MODELO IMPRESOS DE XUSTIFICACIÓN

SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES CULTURAIS 2019

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR:

DOCUMENTO 1: Instancia

DOCUMENTO 2: Memoria da actividade

DOCUMENTO 3: Declaración das subvencións ou axudas obtidas

DOCUMENTO 4: Declaración dos gastos da actividade

DOCUMENTO 5 (Anexo 1): Relación clasificada dos gastos realizados, que inclúa o custo total da actividade.

DOCUMENTO 6: Declaración xurada: realización na súa totalidade da actividade, asunción ou non do IVE, e inclusión da imaxe corporativa da Deputación de Lugo/Área de Cultura nos soportes utilizados para realizar a publicidade da actividade subvencionada.

DOCUMENTO 7: Declaración xurada de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ata o importe da subvención concedida.

Acreditación do pagamento das facturas: se foron pagadas a través do banco, copia da transferencia ou do abono. Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Certificación bancaria da entidade, co CIF e con data actual.

Contacto Cultura:

Lourdes 982 260260// secretariacultura@deputacionlugo.org



CULTURA

INSTANCIA PARA CONTA XUSTIFICATIVA

D./D.^a _____, maior de idade, con DNI _____,
con domicilio para os efectos de notificación en _____,
teléfonos _____, na miña condición de representante da entidade
_____, con CIF _____, domicilio social en
_____ localidade _____ e concello
de _____ (Lugo), e e-mail _____

EXPOÑO:

Que a entidade que represento participou no concurso de subvencións de carácter cultural, cuxa solicitude de subvención ten o número de expediente _____.

Que a actividade realizada pola entidade que represento foi subvencionada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo cun total de _____ €, segundo o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019.

SOLICITO:

Que sexa admitida a documentación que achego como conta xustificativa da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

_____, _____ de _____ de 201__

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

MODELO MEMORIA ACTIVIDADES CULTURAIS

D./D.^a _____
con DNI _____ con domicilio para os efectos de notificación en
_____ e teléfono/s _____ na condición de representante da
entidade _____ con CIF _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada segundo a seguinte memoria explicativa:

DENOMINACIÓN ACTIVIDADE

DESCRICIÓN XERAL
CARACTERÍSTICAS

DESTINATARIOS E Nº BENEFICIARIOS DA ACTIVIDADE

OBXECTIVOS PLANTEXADOS
INCIDENCIAS EXISTENTES
NIVEL DE LOGRO DE OBXECTIVOS
PECHE ORZAMENTARIO
CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN (SUMA (custo total)*).
MELLORAS PLANTEXADAS

DOCUMENTOS PUBLICITARIOS DA ACTIVIDADE

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019.

_____, _____ de _____ de 201_____

O representante



DECLARACIÓN DAS SUBVENCÍONS/AXUDAS OU PATROCINIOS OBTIDOS

D. / D.^a _____, con DNI _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____ e teléfono/s _____, na miña condición de representante da entidade _____, con CIF _____.

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a actividade para cuxa realización a Excm. Deputación Provincial de Lugo lle concedeu unha subvención á entidade que represento; segundo o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019, foi financiada ademais con:

- ☐ Ningunha outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas.
- ☐ Outra/s axuda/s ou subvención/s doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada das subvencións e axudas obtidas para este obxecto ou actividade.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€

TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS	€
-----------------------------	---

- ☐ Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade

RELACIÓN DETALLADA

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

_____ de _____ de 201__

O/A representante

DECLARACIÓN DOS GASTOS DA ACTIVIDADE

D. / D.ª _____ na condición de representante da entidade _____ con CIF _____ e domicilio social no concello de _____

DECLARO:

- Que o custo total da actividade subvencionada soportado pola entidade para cuxa realización a Excm. Deputación Provincial de Lugo lle concedeu unha subvención, segundo o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019, ascendeu ao seguinte importe:

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	€
Subvencións doutras Administracións	€
Outras fontes de financiamento	€
Fondos propios (____ % do custo total)	€
SUMA (custo total)*	€

- Acompáñase o anexo nº1 de relación clasificada dos gastos realizados da actividade subvencionada.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración.

_____, _____ de _____ de 201__

O/A representante

ANEXO 1

RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS REALIZADOS

[illegible]

						SUMA			
						(CUSTO TOTAL)*			

_____, _____ de _____ de 201__

Asdo.

RECORDE:

1. As NÓMINAS debe estar desglosadas do seguinte xeito: Salario líquido, Seguridade Social, e IRPF.
2. No caso de seguros (RC, accidentes, etc...) soamente será imputable a parte correspondente á duración da realización da actividade na anualidade 2019.
3. NON SERÁN SUBVENCIONABLES os gastos de comidas, as viaxes que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria, as festas patronais, os eventos relixiosos, nin as actividades artesanais, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.
4. Na relación de gastos non deberán aparecer gastos non subvencionables.

DECLARACIÓN XURADA

D./D.^a _____, con DNI _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____, e teléfono/s _____, na condición de representante da entidade _____, con CIF _____,

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención, e tal como se especifica na memoria explicativa.
- Que a entidade que represento:
 - ☐ 1. Si asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
 - ☐ Non asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE).
- Que se incluíu a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo /Área de Cultura en todos aqueles soportes utilizados para realizar a publicidade da actividade subvencionada.
- Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019, asino esta declaración.

_____, _____ de _____ de 201__

O/A representante



DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE NON SER DEBEDOR POR RESOLUCIÓN DE PROCEDENCIA DE REINTEGRO

D./D.^a _____, con DNI _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____, e teléfono/s _____, na condición de representante da entidade _____, con CIF _____,

A PRESENTE DECLARACIÓN faise de acordo ao dobre contido, que segundo o artigo 69.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recoñece a estes documentos, de tal xeito que **manifesto baixo a miña responsabilidade**:

- Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda Autonómica, a Deputación Provincial de Lugo e a Seguridade Social no momento da sinatura da presente declaración.
- Que a entidade que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración.
- Que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade que represento; mediante o acordo da Xunta de Goberno do 11 de decembro de 2019, polo que se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, ano 2019; asino esta declaración.

_____, _____ de _____ de 201__

O/A representante

R. 3811

CONCELLOS**LÁNCARA***Anuncio***Información pública**

Por decreto desta alcaldía de 16 de decembro de 2019, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 3º trimestre 2019.

O importe total do padrón ascende a 54.622,72 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 24 de decembro de 2019 ó 24 de febreiro de 2020, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 17 de decembro de 2019.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 3820

PORTOMARÍN*Anuncio*

Visto o Decreto de Alcaldía en data 17/12/19 no que se acorda a ampliación de prazo de presentación de solicitudes polo período de 5 días hábiles máis dende a data de finalización do primeiro prazo, (artigo 32 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común), dito prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 27 de decembro.

As instancias en modelo oficial (anexo 1) as que poderán concurrir as persoas que reúnen os requisitos sinalados no artigo 3 e 4 do regulamento, dirixiranse ao Sr. Alcalde acompañado dos documentos a que refiren os artigos 2 e 3 das bases xerais. Estas estarán a disposición dos participantes na páxina web do Concello, así como na sede electrónica, e taboleiro de anuncios.

Portomarín, 17 de decembro de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 3822

RIBADEO*Anuncio***RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA .-**

De conformidade co disposto nas Bases para provisión dun posto de traballo de Oficial albanel para o departamento de obras, en réxime de interinidade, previsto no cadro de persoal laboral deste Concello e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º.Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que de seguido se relacionan:

ADMITIDOS**Apellidos e nome**

Barcia Fernández, Antonio
Díaz Alvarez, Baldomero
García Barrera, Miguel Angel
Gómez Naveiras, Diego
González Fenández Severino Diego
López Iglesias, Julio Jesús
Mon García, Antonio
Sanmartin Lastra, José María

EXCLUIDOS**Apellidos e nome Causa/s exclusión**

Bendaoud, Samir	Non se aporta titulación académica necesaria segundo as bases ou certificado de equivalencia ou estudos homologados en España.
Gonçalves Teixeira, Victor Manuel	Non aporta permiso de conducir requerido
Iglesias Canel, Francisco	Non se aporta titulación académica necesaria segundo as bases ou certificado de equivalencia.

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo e ao taboleiro de anuncios do Concello e web municipal para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a 11 de decembro de 2019 do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 11 de decembro de 2019.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia, O Secretario en funcións, José Rodil Veiga.

R. 3788

RIOTORTO*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020, mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2019, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 27 de abril, faise público que o dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, á cantidade de **1.234.800 euros**.

ESTADO DE GASTOS

Capit.	DENOMINACION	Presupuesto euros
1	Gastos de persoal	600.100,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	453.200,00
3	Gastos financeiros	8.000,00
4	Transferencias correntes	54.200,00
6	Investimentos reais	103.300,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	16.000,00
	SUMAS TOTALES DE GASTOS	1.234.800,00

ESTADO DE INGRESOS

Capit.	DENOMINACION	Presupuesto euros.
1	Impostos directos	326.100,00
2	Impostos indirectos	20.000,00
3	Taxas e outros ingresos	172.350,00
4	Transferencias correntes	690.750,00
5	Ingresos patrimoniais	7.200,00
6	Enaxenación de investimentos reais	1.100,00
7	Transferencias de capital	12.300,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	5.000,00

	SUMAS TOTALES DE INGRESOS	1.234.800,00
--	----------------------------------	---------------------

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación e demais Organismos mencionados, que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

1) PLANTILLA 2020

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

ESCALA	SUBESCALA	P. TRABAJO	Nº PLAZ	GRUPO	N CD
Func. Habilitación Estatal	Secretaría-Interv.	Secretaría-Interv.	1	A2	26
Administración General	Administrativa	Administrativo	2	C1	22
Administración Especial	Servizos Especial.	Operarios Serv. Esp.	2	E	13

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN

2) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	DOT.	C.DEST.	C.ESPC.	F. PROVIS.	ADSCRIPC. POSTO TRABALL.
Secretaría-Interv.	1	26	13.606,04	Concurso	Secretaría-Intervención
Administrativa	1	22	12.667,79	Oposición	Administración General - Advo
Administrativa	1	22	12.667,79	Conc-Op.	Admón Gral - Advo (Serv.Esp)
Xefe Servizo Obras	1	13	8.716,40	Oposición	Admíst. Especial-Serv. Esp.
Servizos Especiales	1	13	6.260,52	Concurso	Administ. Especial-Serv. Esp.

B) PERSONAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ADSCRIPCIÓN	GRUPO

3) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
Traballadora Social	Traballadora Social	Xornada completa
Auxiliar de Axuda a Domicilio	10 postos Axuda a Domicilio	"

4) PERSOAL LABORAL INDEFENIDO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de Axuda a Domicilio	2 Postos Axuda a Domicilio	Xornada Completa
Encargada da Biblioteca	Encarg. Biblioteca	Xornada a tempo parcial

De conformidade co establecido no artigo 171.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o referido acordo definitivo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdición.

Riotorto, 18 de decembro de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3821

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 05/12/2019, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a NOVIEMBRE de 2019, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 12 de decembro de 2019.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3790

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE MAIO DE 2019.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 482/2019 de 5 de decembro de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de maio de 2019 polo importe total de 120,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 5 de decembro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3791

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE MAIO DE 2019.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 482/2019 de 5 de decembro de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de maio de 2019 polo importe total de 120,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 5 de decembro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3792

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 11 de decembro de 2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro de 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser

examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 11 de decembro do 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3793

CONSORCIO LOCAL OS PEARES (LUGO-OURENSE)

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION DE CREDITO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 09 de maio de 2019, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

Estado de Gastos

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2019 NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON RTGX	APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN	Financiamento. RTGX Art. 32 e Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 Aplicación Superávit Orzamentario
	337.619	Ocio e tempo libre. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	ACONDICIONAMENTO PASARELA RIO BUBAL NOS PEARES	4.350 €

	337.619	Ocio e tempo libre. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	MELLORA ZONA VERDE PRAIA FLUVIAL NOS PEARES	12.500 €
	337.619	Ocio e tempo libre. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	REPARACION MURO PRAIA FLUVIAL NOS PEARES	3.650 €
	161.609	Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Outras Inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	ASISTENCIA TECNICA BOMBEO AUGAS RESIDUAIS NOS PEARES	4.283,63 €
	150.622	Edificios e outras construcións	ADQUISICION DE INMUEBLE	30.000 €
		TOTAL GASTOS		54.783,63 €

Estado de Ingresos

ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	Euros
Concepto		
870	Remanente líquido de tesorería	54.783,63 €
	TOTAL INGRESOS	54.783,63 €

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Os Peares, 11 de decembro de 2019.- O Presidente, Manuel Seoane.

R. 3794

Anuncio**APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION DE CREDITO 2-2019**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 09 de maio de 2019, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito ectraordinario, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

Estado de Gastos

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2019 NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO	APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN	Financiamento. RTGX Art. 32 e Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012
--	-------------------	--------------	-------------	--

FINANCIADO CON RTGX				Aplicación Superávit Orzamentario
	454.619	Camiños vecinais. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	ACONDICIONAMENTO SENDERO TORRON. CAMINO POMBEIRO	6.490,74 €
	459.619	Outras infraestructuras. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	ACONDICIONAMENTO NA PRAIA FLUVIAL DE OS PEARES E CONSTRUCCION DE MURO E BARANDILLA NA GRANXA	5.451,05 €
	459.619	Outras infraestructuras. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	OBRAS VIARIAS NO BARRIO DA ESTACION DE FFCC DE OS PEARES	9.492,69 €
	920.227	Traballos realizados por outras empresas o profesionais	MEMORIAS VALORADAAS E INFORME EXECUCION	907,50 €
	920.221	Suministros varios		8.435,15 €

Estado de Ingresos

ECONÓMICA	DESCRICIÓN	Euros
Concepto		
870	Remanente líquido de tesorería	30.777,13 €
	TOTAL INGRESOS	30.777,13 €

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Os Peares, 11 de decembro de 2019.- O Presidente, Manuel Seoane.

R. 3795

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30430

El Ayuntamiento de Castro de Rei, con C.I.F. P 2701000 H, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la mejora y mantenimiento de 10 viales situados en la zona de policía y sobre el Dominio Público Hidráulico de varios cauces, en las parroquias de Mondriz, Duancos, Santa Comba de Orizón y Triabá, en el término municipal de Castro de Rei (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 12 de diciembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3796